



## Comercio exterior e intracomunitario

Desde 1993, data na que se implantou o Mercado Único Europeo, as persoas e mercadorías poden circular libremente dun país a outro da Unión Europea (UE).


Antes de poder circular libremente pola UE ou de ser transportadas a terceiros países, as mercadorías teñen que depositarse nas aduanas, onde se someten a diferentes tipos de controis.

A recollida de información dos intercambios de mercadorías entre Galicia e a UE e con terceiros países realízaa o Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

O comercio intracomunitario refírese aos intercambios de bens entre Galicia e os países da UE, excluindo o comercio co resto de España. O concepto de comercio exterior propiamente dito resérvase para o intercambio de mercadorías entre Galicia e os países no pertencentes á UE.

## Exportacións/expedicións e Importacións/introducións


### Comercio intracomunitario



Expedicións: un produto con orixe en Galicia é vendido ao resto da UE (excluído o resto de España).

Introducións: unha mercadoría elaborada ou orixinal dun país membro da UE (excluído España) é mercada para ser consumida ou transformada en Galicia.

### Comercio exterior



2

Exportacións: operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido a países que non forman parte da UE.

Introducións: unha mercancía elaborada ou orixinal de países que non forman parte de la UE é mercada para ser consumida ou transformada en Galicia.

### Balanza comercial

$$\boxed{\text{Exportacións expedicións}} - \boxed{\text{Importacións introducións}} = \boxed{\text{Balanza comercial}}$$

### Taxa de cobertura

$$\boxed{\text{Exportacións expedicións}} \div \boxed{\text{Importacións introducións}} \times \boxed{100} = \boxed{\text{Taxa de cobertura}}$$

### Máis información ...

Podes atopar información máis detallada sobre os conceptos relacionados co comercio exterior na seguinte actividade do Portal Educativo:

<http://www.ige.eu/estatico/educacion/Economia/Macromagnitudes/Actividade2.htm>